# O VISO

## Novas sendas para un monte histórico

**Informe cultural, histórico e natural**

(Novembro. 2020)

**Por Henrique Alvarellos**

# VISO MONTE MÍTICO

**• Desde decembro de 2020 novas sendas descobren e unen este espazo natural á cidade.**

**• O Monte Viso ofrece unha panorámica inédita na súa cima de 360 graos e, na súa historia, permítemos viaxar ao tempo dos romanos e dos suevos.**

**• A oferta de ocio inclúe unha homenaxe á mitoloxía galaica.**

## 1. VISO 360

No seu cumio (397 metros de altitude) o Monte Viso proporciona unha panorámica única de Compostela. É posible contemplar unha paisaxe circular completa, de 360 graos: co Pico Sacro (490 m), e o val do río Ulla no Leste; o Monte do Gozo (372 m) ao Norte; a cidade en pleno diante de nós ao oeste co Monte Pedroso (461m) alzándose detrás, e ao Sur-surleste, o monte Gaiás coa Cidade da Cultura. Un vértice xeodésico, calculado polo pioneiro xeógrafo Domingo Fontán polo 1820, marca exactamente a cima do lugar.

(Fonte: Fundación Domingo Fontán).

## 2. VISO MILENARIO

O Viso proporciónanos unha impagable viaxe no tempo: á época dos romanos e tamén ao tempo dos Suevos. Unha viaxe, en definitiva ao Santiago antes de Santiago.

### 2.1. TOPÓNIMO ROMANO: "VISUS"=VISIÓN

Da época romana (arredor do século I da nosa Era) sábese dun asentamento poboacional que estaría situado onde hoxe se ergue a Catedral. Tamén outro máis ao NE, preto da igrexa de San Fiz de Solovio e do barrio de Altamira (a rúa do Castro conserva no seu nome a probable existencia dun asentamento).

Co nome de Aseconia coñecese ese primitivo asentamento. Sería en orixe unha "mansio viaria", é dicir, unha parada oficial dunha calzada romana (a Vía XIX que ía de Bracara Augusta –Braga- a *Asturica August*a –Astorga- pasando por Lucus Augusti –Lugo-). (Este poboado romano primeiro sería substituído logo por unha necrópole - séculos V-VII).

(Fonte: José Suárez Otero e Manuel Caamaño Gesto en "Santiago antes de Santiago", 2003, en H*istoria da cidade de Santiago de Compostela.* Consorcio de Santiago, Concello de Santiago, USC).

Pois ben, o Viso sería o alto onde se "visaba" ou divisaba Asseconia. Orientado ao leste, Aseconia e a cima do Viso, uníanse nunha liña perfecta, coincidindo coa saída do sol nos equinoccios.

(Fonte: arquitecto Carlos Sánchez Montaña. "Distrito Altamira" en www.historiadegalicia.gal , 2017).

O actual monte arrastra directo o seu topónimo, o seu nome, dende o latín: a forma "visum" (que é un supino latino) procede do verbo "videre"= ver, divisar, examinar, revisar. Porque, como dicimos, diante do Viso asomaba Aseconia.

Así o explica o arquitecto e investigador Carlos Sánchez-Montaña:

«En topografía "visar" é termo antigo aínda en uso que significa alinear o punto de vista coa referencia utilizada. O Viso é referencia topográfica e de xeoposicionamento do enclave antigo de Asseconia no intre da súa fundación.

»A posición do eixe Leste-Oeste do enclave romano, o Decumanus Maximo, é recoñecible na cartografía histórica e nela compróbase como a súa orientación está 'visada' coa cima do monte do Viso.

»O eixe Decumanus Máximo iniciábase polo leste na porta da cidade fronte á actual Rúa das Trompas, para perecorrer la Rúa Tras de San Fiz, Praza de San Fiz, Ruela da Altamira, Rúas de Fonte Sequelo, de Xelmírez, Praza de Platerías, Rúa de Fonseca, e logo alcanzar

alcanzar a porta Oeste na confluencia das Rúas das Hortas, Campo das Hortas, Pombal e Galeras. Esta liña de visado principal que ordena o resto do enclave é á súa vez o eixe da igrexa de San Fiz de Solovio, un dos templos máis antigos da cidade.

»O cruce do Decumanus Máximo Leste-Oeste co Cardus Máximo Norte-Sur (eixe Porta de Pena- Porta Faxeira) prodúcese no centro do enclave, a actual plaza de Praterías.

» (A alienación ou visado da actual Compostela co "Monte do Viso" só é comprobable a través da análise arqueográfica con base urbanística)».

### 2.2. OS ROLEIROS OU TERRAZAS DO TEMPO DOS SUEVOS (SÉCULO V)

Por outra banda, en recentes traballos arqueolóxicos (comezos do século XXI) apareceron varias terrazas (coñecidas aquí tamén como roleiros, e en xeral en Galicia como bancais ou socalcos). Atopáronse –tanto no Gaiás coma no Viso–, estruturas de aterrazamento, destinadas á contención do terreo mediante recheos e muros erguidos para salvar as pendentes e facelos aptos para o cultivo.

O máis abraiante destas descubertas é a súa datación: remóntanse nade menos que ata o século V. Polo tanto ao tempo dos Suevos. E seguiron empregándose ata épocas modernas. Entón, o Viso e o Gaiás lévannos ás orixes mesmas do sistema agrario galego e da paisaxe rural tradicional, a 1.500 anos atrás.

Despois destas descubertas, os arqueólogos tamén deducen que é moi problable que nestes cultivos medrase a vide (sobre todo xa co Cristianismo asentado na Alta Idade Media, pois era preciso para a liturxia) e o trigo.

A existencia destes roleiros permite deducir tamén que no Viso habería xa un asentamento humano nese século V. Pensemos que aínda quedaban catro séculos para a fundación da cidade de Santiago (no século IX é cando Santiago se ha converter, trala descuberta dos restos atribuídos ao apóstolo Santiago o Maior, no primeiro núcleo urbano da Galicia Medieval

(Fonte: López Alsina).

(Fonte: Felipe Criado e Paula Ballesteros, 2002 en *La arqueología rural: contribución al estudio de la génesis y evolución del paisaje tradicional.* Colegio de Ingenieros de Caminos, Canales y Puertos.

—Felipe Criado, César Parcero, et alii, en *Atlas arqueolóxico da paisaxe galega*, 2016. Edicións Xerais de Galicia)

## 3. VISO NATURA

O Monte Viso sempre estivo aí mais foi tamén o gran ignorado das últimas xeracións. Conserva sen alteracións o seu perfil, a súa silueta, ese debuxo de enorme boi durmido ao leste da cidade, nunha liña de horizonte que se alza detrás do Gaiás e que pouca xente coñece. Porque ata agora non era doado dar coa subida.

As novas sendas unen o monte á cidade: dende o Gaiás, dende San Lázaro ou dende a aldea do Viso..... ascéndese a través de camiños que nos levarán a descubrir bosques de carballos na aba oeste do monte ou desfrutar tamén do monte baixo que abre grandes panorámicas...

### 3.1. AS CORES DO VISO

O monte agasállanos con toda a súa policromía:

- O verde dos pastos en primavera.
- O amarelo cando o toxo está en flor no verán ou no outono.
- Os morados das uces ou breixos no outono e no inverno.
- E as tonalidades ámbar e pardas dos carballos no outono.

### 3.2. AS MINAS

Na paisaxe tamén atoparemos algunhas minas abandonadas: restos de proxectos mineiros de comezos do século XX, as "Minas del Sar S.A." constituída en 1903, financiada polos banqueiros Olimpio Pérez e Riestra, pero non se chegaría a

materializar. Abandonouse, sen resultados, vinte anos despois. Buscaban explotar a anfibolita do Viso, un tipo de rocha metamórfica (son as rochas máis antigas atopadas, cunha idade aproximada de 4.200 millóns de anos). No Viso tamén se atopou calcopirita, que é a principal mena de cobre (e contén tamén ferro).

### 3.3. CURTIDOS

A Curtiduría do Viso, de mediados do século XIX —e que aínda hoxe se mantén en pé, mesmo co rótulo do nome e coa cheminea—, é un símbolo moi importante da Compostela do XIX, cando foi capital española na produción de coiros. Chegouse a producir na cidade o 30% do coiro de toda España.

(Fonte: Xan Carmona e María Teresa Fernández Vázquez, 2003. *A Compostela industrial*. Consorcio de Santiago).

## 4. VISO LENDARIO

Coa mitoloxía, o noso pobo intentaba darlle unha explicación a un universo cheo de enigmas, fenómenos naturais ou ben relatar lendas ou historias que se ían transmitindo xeración a xeración.

O Concello de Santiago pon en marcha, para festexar a apertura á cidade desta paraxe, un xogo visual para toda a familia. Consiste na colocación, preto do cumio do monte, de diversas figuras alegóricas da mitoloxía galaica, creadas por José Manuel Méndez. Trázase, con elas, unha especial ruta "mítica": Os Mouros, Breogán, A Meiga, A Coca, A Lamia... ata dez personaxes mitolóxicos que son todo un atractivo para descubrir estas novas paraxes.

## 5. VISO PEREGRINO

Un lugar coma o Monte Viso, activo dende o tempo dos romanos e dos suevos, tiña que acoller esa nova febre que invadiu Europa dende que, no século IX, apareceran na antiga Aseconia, uns restos que se atribuíron ao Apóstolo Santiago. Así, pola ladeira do Monte entrarían tamén os peregrinos do Camiño Francés, cunha variante da entrada principal por San Lázaro.

A tradición oral aínda lembraba, a mediados do pasado século, a peregrinos pasando polo Viso e baixando logo polo Gaiás cara o sepulcro.

O lugar de Lobio, no Viso, remítenos precisamente a esta tradición. Na súa etimoloxía "lobio" pode proceder de "fluvium", río, pero tamén é camiño, ou camiño que segue o río, e tamén sepultura. E así emparenta con "Solovio" ou "Solobio"= "ipsum fluvium", "ese río". No lugar de Solovio foi onde a tradición sitúa o achádego do corpo do apóstolo Santiago.

(Fonte: Dolores González de la Peña, 2013: http://arqueotoponimia.blogspot.com/2013/12/lobio.html)

## 6. VISO LITERARIO

Quen estaba fascinado co Viso era o patriarca das Letras Galegas, Ramón Otero Pedrayo. O escritor ourensán que amaba Compostela, a cidade na que afirmou ter pasado os mellores anos da súa vida, tiña o Viso como referente.

Na súa célebre guía literaria da cidade que publicou en 1966 baixo o título "*O espello na serán* (Galaxia), o subtítulo da obra é:

*Entre o Pedroso e o Viso.*

No capítulo dedicado a este lugar afirma que no Viso *déitase a cúpula estelar*, que é *enxoito*, *ermo*, *de poucas falas, capa remontada*...

Noutras ocasións volveu falar Pedrayo do monte: por exemplo, en 1959, nun artigo publicado en *Vida gallega,* baixo o título: "El giro de la ciudad inspirada" onde di:

*El Pedroso y Santa Mariña, el Viso y los agros de Ramírez y la Selva Negra de los románticos amada, como los capiteles y los labriegos, guardan una juventud –quizá una no del todo desvelada adolescencia— bajo sus viejas facciones.*

E noutro intre define, finalmente, o Monte con este verso en prosa:

*El Viso apura la secuencia del yermo.*